

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria, de 2,5 puntos cada unha**. A primeira sen apartados optativos e as outras tres con posibilidade de elección entre apartados.

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN.
(2,5 puntos)**

Este curso vostede incorpórase á redacción da revista do seu instituto como encargado/a da sección de divulgación histórica, e os/as seus compañeiros/as explícanlle que xa dispoñen dalgún texto elaborado con ChatGPT. Como a súa versión do programa é antiga, pídenlle que se encargue de revisar o seguinte texto sobre a **Monarquía dos Reis Católicos**, para detectar, explicar e rectificar posibles erros.

TEXTO PARA REVISAR:

O reinado dos Reis Católicos constitúe unha etapa de transición entre o mundo baixomedieval e o moderno na que sentan as bases de funcionamento da monarquía hispánica. Os novos monarcas lograron a unidade de España e levaron a cabo un intenso labor de reforma institucional. Entre outras medidas, potenciaron a administración central reorganizando o Consello Real e incrementando o número de membros con formación universitaria —os letrados—, en detrimento da aristocracia. Tamén reforzaron os órganos encargados de impartir a xustiza real —Chancelerías e Audiencias— e xeneralizaron a figura dos corrixidores en Castela, que exercían como representantes dos reis nos principais municipios. Con todo, a reforma máis importante foi a remodelación das Cortes pola súa condición de institución común a todos os reinos peninsulares.

Responda estes tres apartados:

- 1.1.** Identifique as informacións erróneas. **(0,5 puntos)**
- 1.2.** Explique o erros detectados. **(1,5 puntos)**
- 1.3.** Proceda á súa redacción correcta. **(0,5 puntos)**

PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS AO TARDOFRANQUISMO. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)

Vostede comeza a traballar nunha radio local que ten previsto realizar unha serie de podcasts sobre a Historia de España. A directora do programa explícalle que a súa intención é ofrecer aos seus oíntes contidos que vaian máis aló dos enfoques tradicionais para presentar os temas desde perspectivas máis razoadas e comparativas. A xefa de redacción encárgalle que presente unha análise comparativa a modo de exemplo para futuros guións.

Responda un destes dous apartados:

- 2.1.** Compare as principais disposicións da Constitución de Cádiz co sistema político propio da monarquía absoluta. **(2,5 puntos)**
- 2.2.** Compare as características do bienio reformista coas do bienio conservador da II República. **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS AO TARDOFRANQUISMO. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)

Atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema. **(0,5 puntos)**
- Contextualización do documento. **(0,5 puntos)**
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento. **(1,5 puntos)**

Responda un destes dous apartados:

3.1. Doc.1. Proclama da Xunta provisional de goberno de Madrid (29 de setembro de 1868):

“MADRILEÑOS: Constituída no nome do pobo a Xunta provisional de Goberno, o seu primeiro deber é dirixirvos a palabra.

A dinastía dos Borbóns rematou (...) O Exército e a Mariña, con abnegación sublime pensaron antes na Patria que en ningunha familia. Desde Cádiz a Santoña resoou o berro de Liberdade, e unhas Cortes Constituíntes elixidas por sufraxio universal decidirán sobre os destinos da Patria. Hoxe, reunidos ante a gravidade solemne das circunstancias, un considerable número de cidadáns constituíu unha Xunta provisional; en tanto que mañá, o pobo todo de Madrid, reunido por barrios e por distritos, formulará a súa vontade soberana”. **(2,5 puntos)**

3.2. Doc.2. O diario *ABC* de Sevilla recolle nun suplemento especial as declaracións do xeneral Queipo de Llano o 22 de xullo de 1936:

“GUERRA A MORTE ENTRE A RUSIA ROXA E A ESPAÑA SAGRADA

[...] pola intromisión de poderes estranxeiros, que polo órgano conglomerado marxista desvirtuou o carácter da República española [...] Había que salvar España da lepra moscovita e para iso emprendemos esta operación de urxencia. A historia hanos de vulgar”. **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. RETOS DO MUNDO ACTUAL. COMENTARIO DE TÁBOAS DE DATOS. (2,5 puntos)

Atendendo aos seguintes criterios:

- Análise dos datos da táboa. **(1 punto)**
- Explicación do contido. **(1,5 puntos)**

Responda un destes dous apartados:

4.1. Distribución rexional da produción siderúrxica española: medias anuais en miles de toneladas. **(2,5 puntos)**

Período	Producción	Andalucía	Biscaia	Asturias
1861-1865	45,65	14,65	11,73	13,17
1871-1875	45,53	4,46	8,72	24,90
1881-1885	131,59	2,89	76,71	40,08
1896-1900	289,24		227,69	102,81

4.2. Producción de electrodomésticos en España: miles de unidades. **(2,5 puntos)**

Anos	Frigoríficos	Lavadoras	Radios	Televisores
1960	28,7	77,3	245,1	39,4
1965	371,8	320,4	446,3	554,7
1970	1009,3	554,6	432,5	617,9